

Área: Administración

Circular nº 11 - Temp. 25/26

USO LOGOTIPO FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, XUNTA DE GALICIA E DEPORTE GALEGO

Infórmase a todos os estamentos de que o uso do logotipo da Federación Galega de Balonmán é de carácter obrigatorio en calquera acto ou soporte publicitario referido a encontros, sectores ou torneos amparados por esta federación ou pola R.F.E.B.M., e que implique a cobertura do seguro deportivo obrigatorio ou calquera tipo de xestión administrativa para a tramitación de licenzas ou outros requirimentos formais, esta medida é aplicable tanto a categorías de base coma a categorías xuvenil e sénior, tanto en competicións autonómicas como estatais, femininas e masculinas.

A imaxe da Federación Galega de Balonmán sempre debe ir acompañada do logotipo da Xunta de Galicia e de Deporte Galego; recordamos que a FGBm é colaboradora da Administración Pública Galega, tendo competencias delegadas no desenvolvemento de programas específicos que fomenten a práctica da actividade física deportiva.

A non utilización da imaxe da Federación Galega de Balonmán, así coma a da Xunta de Galicia e Deporte Galego pode comportar sanción por parte do Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán ou da propia Administración Pública.

O uso de calquera dos logotipos vai condicionado polo manual de marca que se pode atopar na páxina web da Federación Galega de Balonmán no apartado “Federación-Imaxe”

En Vigo a 06 de agosto de 2025.

